



CIRCULAR INFORMATIVA

CONVOCATORIA da elección de representantes ao Consello Escolar do sector profesorado.

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de **eleccións de membros dos consellos escolares** de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09/2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

Primeiro.- Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26/01/1999), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 docentes, que rematarían o seu mandato en 2028**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar. Hai **2 vacantes** pertencentes á renovación parcial anterior, na que non houbo suplentes, que **rematarían o seu mandato en 2026**. Os 3 postos da renovación actual cubriranse cos candidatos máis votados e as 2 vacantes cos seguintes en número de votos. Estas últimas renovarase na seguinte elección parcial.

Segundo.- Son electores todo o Claustro de profesores neste Centro incluídos/as no Censo correspondente exposto no taboleiro de anuncios na entrada do Centro, a partir da data desta convocatoria. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 8 de novembro de 2024**. Non formarán parte do Claustro de Profesores, a efectos de elección dos representantes do profesorado, os profesores substitutos, estando integrados no Claustro ó efecto, os profesores substituídos. Enténdese que son profesores substituídos os que están con licenza de enfermidade, maternidade/paternidade, nupcialidade, asuntos propios, ou calquera outra ausencia previsiblemente inferior a seis meses.

Terceiro.- Son elixibles todo o Claustro de profesores neste Centro que, estando incluídos no Censo electoral correspondente, formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilita na Secretaría do Centro. As **candidaturas** poderanse presentar **desde as 9:00 horas do día 30 de outubro de 2024 ata as 14:00 horas do día 11 de novembro de 2024**.

Cuarto.- En canto ós **profesores de Relixión**, entenderase que forman parte do Claustro a efectos de elección dos representantes do profesorado no Consello Escolar unicamente os que teñan nomeamento outorgado pola Consellería de Educación, sendo polo tanto electores e elixibles, con independencia do número de horas que imparten.



Quinto.- Aqueles profesores que estean en **Comisión de Servizos** serán electores e elixibles no Centro en que exerzan a súa función docente. No suposto de que exerzan a súa actividade en dous ou máis centros, deberán optar por un deles, ó efecto.

Sexto.- A **mesa electoral** estará integrada pola directora do centro, que actuará como presidenta e os docentes de maior e de menor idade, actuando este último/a como secretario/a.

Sétimo.- O día **7 de novembro de 2024** celebrarase un claustro informativo para dar lectura ás normas deste regulamento no relativo ó procedemento de elección dos representantes do profesorado no Consello Escolar, así como a relación de candidatos proclamados como tales pola xunta electoral.

Oitavo.- As **votacións** realizaranse neste Centro o día **21 de novembro de 2024, dende as 12:20 ás 12:50 horas en sesión de claustro extraordinario** . A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 12:15 horas.

Noveno.- Na **papeleta de votación** cada elector/a fará constar un máximo de **2 nomes** dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado. Non se admitirá o voto por correo.

Décimo.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e, unha vez realizado, levantarase Acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

Undécimo.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Nigrán, 29 de outubro de 2024.

A Directora do Centro e Presidenta da Xunta Electoral,

Asdo: María Pilar Piay Pombo